



Bicis pola paz

Enderezo: **Avda. Portugal, 16. 27500 Chantada. Lugo**
 Tfno.: **982 162 582**
 Fax: **982 440 368**
 Correo electrónico: **carballoconbotas@hotmail.com**
 Páxina web: **www.contosolidarios.org**

Ano de creación: **1990**



Definición e obxectivos

Bicis pola Paz promove o transporte ecolóxico como xeito de desenvolvemento perdurable a través da doazón de bicicletas, para facilitar o desprazamento de axentes sociais de distinto tipo, que debido á falla de infraestruturas viarias e outros medios de transporte, ven minguada a calidade do seu traballo. Asemade Bicis pola Paz entrega bicis a colectivos de inmigrantes no Estado español.

Bicis pola Paz traballa na educación para a solidariedade a través do programa *ContoSolidarios* en colaboración coa asociación de educación ambiental Papaventos, en centros escolares de Galiza, Asturias e Portugal.



Actuacións e áreas de traballo

- > Recadación de fondos económicos para adquisición e doazón de bicicletas de persoal docente, médico, sanitario e veterinario.
- > Sensibilización da sociedade para un maior compromiso coa solidariedade.
- > Denuncia do armamentismo, o deterioro ecolóxico e a desigualdade social.



Proxectos e países nos que traballa

23 países de América Latina, Asia, África e Europa (inmigración). Arxentina, Perú, Chile, República Dominicana, O Salvador, Guatemala, Brasil, Venezuela, Panamá, México, Cuba, Colombia, India, Mozambique, Congo, Chad, Angola, Sahara, Filipinas, Indonesia, Paúpa, Palestina, España.

Nos últimos anos impulsou os seguintes proxectos:

- > Entrega de bicis a promotores/as de Saúde en Mozambique.
- > Entrega de bicis a educadores/as do Salvador.
- > Entrega de bicis a educadores/as de Bolivia.
- > Entrega de bicis a inmigrantes/as subsaharianos/as e de Europa do Leste.
- > Entrega de bicis a veterinarias de Cuba.



Materiais de educación para o desenvolvemento

- > Páxina web www.contosolidarios.org
- > *Carta dos ríos e as montañas.*
- > *Manual do Plantabosques da Paz.*



Programas de voluntariado

- > Actividades de educación para a solidariedade.
- > Entrega de bicis en viaxes a países desfavorecidos.